

NOTA DE PRENSA (GAL)



Vista de sala da exposición

Exposición: *Campo de sementes*

A Facultade de Belas Artes de Pontevedra continúa celebrando o seu 30 aniversario coa colectiva *Campo de sementes* na Fundación Rac, onde participa o profesorado máis novo da facultade con docentes de longa carreira.

Artistas: Xoan Anleo, M^a Covadonga Barreiro, Natividad Bermejo, Marcos Covelo, Basilisa Fiestras, Elena Lapeña, Juan Carlos Meana, Marina Núñez, Juan Carlos Román, Javier Tudela.

Comisariado: Xosé M. Buxán Bran, Sara Donoso

Imaxe gráfica: David Carballal

Lugar: Fundación Rac. Rosón Arte Contemporáneo. Padre Sarmiento, 41 Pontevedra

Datas: do 15 de abril ao 14 de maio de 2021

Horario: de mércores a venres de 16.30 a 20.30 horas

Este xoves 15 de abril de 2021 a Fundación Rac abre ao público a exposición *Campo de sementes* organizada pola Facultade de Belas Artes de Pontevedra no contexto do seu 30 aniversario. Na exposición participan dez docentes da facultade, establecendo un diálogo entre o profesorado novo e os máis veteranos.

En 2020 celebrábase o 30 aniversario da creación da facultade de Belas Artes de Pontevedra mais, por mor da pandemia, as celebracións ficaron adiadas na súa meirande parte para este ano 2021. Así, o programa de exposicións conmemorativas iniciouse a finais de 2020 con *De mestras e mestrados* unha exposición de docentes artistas e egresadas no Museo de Pontevedra, que se continúa agora cunha nova mostra que selecciona un mangado de obras de dez profesores artistas na sede da Fundación Rac de Pontevedra.

A colaboración coa Fundación Rac permite vencellar á Universidade cunha institución de prestixio no eido da arte contemporánea, establecendo vencellos entre institucións e visibilizando a potencia artística da nosa contorna.

Campo de sementes ofrece, daquela, unha pequena escolla do traballo de cada docente artista, amosando en cada caso tanto a diversidade como a riqueza formal e conceptual das propostas:

Xoan Anleo (Marín, Pontevedra, 1960) vén traballando dende os inicios da súa carreira coa palabra como un asunto que é parte consustancial do motivo artístico. Nunha primeira ollada sobre estas dúas pezas expostas na Rac todo nos levaría a pensar nunha obra de deseño gráfico, como en outras obras del pensamos en música, ou noutras en deseño de moda, e noutras no deseño industrial. Mais en todas Anleo fala de arte simplemente, que é tanto como dicir territorio híbrido, contaminado, pervertido pola acción de moi diversos axentes externos que resignifican e reconstrúen a cada paso a obra artística.

De **Covadonga Barreiro** (Ares, A Coruña, 1983) hai unha serie precedente súa que titulara *Afterglow* onde, tamén en caixas de luz, a artista representa fotograficamente unha lámpada, unha fiestra ou unha torta con candeas prendidas. A caixa de luz prendida emite luz e daquela as representacións lumínicas convértense en luz real. O mesmo ocorre nesta serie de representacións, agora de nubes, atmosferas enchidas de luz, dun resol que ao proxectarse a través da caixa de luz alumea a sala de exposicións e, por ende, as nosas almas.

Nati Bermejo (Logroño, 1961) traballa desde un universo subxectivo e realista que cruza frecuentemente ao espazo da abstracción. Os seus debuxos de gran formato enfróntannos á asunción dun máis aló da imaxe, ampliando a experiencia emocional e enlazando, en ocasións, a categoría estética do terrible e a beleza. A serie *Variaciones. Nieve N -120* (2020) reflicte esta idea, compasando o onírico co obxectivo nunha misteriosa sensación de apacibilidade que nos sumerxe na contemplación da neve que cae pola noite nunha viaxe en autobús.

Coa mirada posta no pictórico, as pezas de **Marcos Covelo** (Vigo, Pontevedra, 1985) expoñense a unha metamorfose continua para reivindicar o interese polas tres dimensións, abrazando así os orzamentos da escultura e a instalación. Hai, no caso da serie de manchas cerámicas (2019), un achegamento á idea de accidente: a esa pintura derramada que simula fóra de control onde parecen sincronizarse o xesto e a súa contención.

A obra de **Basilisa Fiestras** (Forcarei, Pontevedra, 1985) incorpora plantexamentos e referencias poéticas con apreciacións radicais, lúcidas, onde a dimensión humana súmase a un imaxinario íntimo que atopa o seu espazo na exploración do carnal e o social. Na instalación *Sen título* (2017) o corpo constrúense a base do fragmento: aparece unha boca, unha mordida repetida que reivindica a súa potencia e fala desa quedade contenedora de pracer e de rabia, de fluidos e voces.

Elena Lapeña (Madrid, 1964) resitúanos perante os bodegóns de flores que percorren toda a historia da arte. Flores entendidas desde sempre como explosión de luz e cor, en definitiva como pura pintura. Mais aquí o tradicional bouquet devén simplemente unha flor en cada cadro. Unha flor connotada na iconografía artística como símbolo sexual, mais tamén de pureza, de fe, ou pola contra de mundanidade... A artista cal unha botánica déixase mecer por todas estas resoancias simbólicas duns tallos, pétalos, follas, estambres ou peristilos a embriagar de cheiros a mente do espectador.

Mariña Núñez (Palencia, 1966) é unha creadora de mundos, de lugares simbólicos nos que caben todo tipo de alteridades. O seu traballo, orixinado desde o pictórico, transcorre entre diferentes formatos que referencian a disolución dos canons desde unha posta en escena eminentemente barroca. Na serie *Grietas* (2013-2014) miles de ollos, xurdidos do interior dunha parede con forma ovoide, móvense con xesto orgánico convidándonos a acceder a outros universos.

Juan Carlos Meana (Vitoria – Gasteiz, 1964) emprega na súa obra imaxes e obxectos que funcionan como símbolos e revelan diversas preocupacións socioculturais. ...*Y comimos todos del mismo plato* (2019) convídanos a imaxinar o que non vemos a través da elipse, da historia do non-narrado. Todo son pistas dun crebacabezas imposible: as cuncas envorcadadas cara a dentro, os pans artificiais... a construción formal da peza inhabilita o título, imposibilita o acto de comer dispoñéndose no espazo como unha natureza morta liberada da bidimensionalidade do lenzo.

Juan Carlos Román (Bilbao, 1961) trae á sala dous bodegóns que perfectamente poderíamos conectar coa rica tradición da pintura española do Século de Ouro. En series como esta o artista converte a grande historia da arte española nun asunto que tamén nos atinxe e compete aos contemporáneos. Velaí a tradición convertida en revolucionaria e iconoclasta. Velaí a untosidade da pincelada ao óleo cos seus relevos e cores terrosas a falarnos do esencial deses alimentos e por ende do que teñen tamén de praceres terreaís (tamén os sexuais, por suposto) como ben explicitan, de xeito literario, os títulos deses cadros.

Javier Tudela (Vitoria – Gasteiz, 1960) vén sendo desde hai moitos anos un construtor e un ensamblador de trebellos, bibelots e trapalladas varias. Esas que conviven con todos nós decote e que el aloumiña coas mans e coa mirada para darlles novas vidas e novas narrativas. As cousas vulgares, inanes e mesmo as inertes cobran vida tralo paso polo tamiz do seu pensamento que se estende, como os seus dedos, por cada recuncho de aqueles obxectos que antes eran lixo e agora deveñen arte. Ecoloxía na súa máxima expresión!

Biografías comisarios

Xosé M. Buxán Bran (Eibar, Guipúscoa, 1964) é titular de universidade e docente na facultade de Belas Artes de Pontevedra desde 1993. Dende que traballa nesa facultade desenvolveu unha amplísima proxección dos traballos xurdidos polos estudantes e egresados da facultade Belas Artes de Pontevedra en gran número de centros expositivos da xeografía peninsular, proxectos que estiveron sempre acompañados de producións editoriais específicas.

Sara Donoso (Guadalajara, 1989) é exalumna da Facultade de Belas Artes de Pontevedra e doutora en Historia da Arte pola USC. Desenvolve actividades de comisariado, educación e xestión artística e colabora con organismos como a Fundación Rac e a facultade de Belas Artes de Pontevedra, o CGAC. Centro Galego de Arte Contemporánea de Santiago de Compostela ou a Fundación Pública Artesanía de Galicia. Como crítica, colabora no Diario Cultural Z (Radio Galega), escribe para medios de cultura e cinema e ten realizado entrevistas con diferentes artistas. Foi recoñecida co Premio Talento Mozo na modalidade de Cultura e Creación (Xunta de Galicia, 2020).

NOTA DE PRENSA (CAST)



Vista de sala de la exposición

Exposición: *Campo de sementes*

La Facultad de Bellas Artes de Pontevedra continúa celebrando su 30 aniversario con la colectiva *Campo de sementes* en la Fundación Rac, donde participa el profesorado más joven de la facultad con docentes de larga carrera.

Artistas: Xoan Anleo, M^a Covadonga Barreiro, Natividad Bermejo, Marcos Covelo, Basilisa Fiestras, Elena Lapeña, Juan Carlos Meana, Marina Núñez, Juan Carlos Román, Javier Tudela.

Comisariado: Xosé M. Buxán Bran, Sara Donoso

Imagen gráfica: David Carballal

Lugar: Fundación Rac. Rosón Arte Contemporáneo. Padre Sarmiento, 41 Pontevedra

Fechas: del 15 de abril al 14 de mayo de 2021

Horario: de miércoles a viernes de 16.30 a 20.30 horas

Este jueves 15 de abril de 2021 la Fundación Rac abre al público la exposición *Campo de sementes*, organizada por la Facultad de Bellas Artes de Pontevedra en el contexto de su 30 aniversario. En la exposición participan diez docentes de la facultad, estableciendo un diálogo entre el profesorado nuevo y los más veteranos.

En 2020 se celebraba el 30 aniversario de la creación de la facultad de Bellas Artes de Pontevedra pero, a causa de la pandemia, las celebraciones quedaron retrasadas en su mayor parte para este año 2021. Así, el programa de exposiciones conmemorativas se inició la finales de 2020 con *De mestras e mestrados* una exposición de docentes artistas y egresadas en el Museo de Pontevedra, que se continúa ahora con una nueva muestra que selecciona un mangado de obras de diez profesores artistas en la sede de la Fundación Rac de Pontevedra.

La colaboración con la Fundación Rac permite vincular a la Universidad con una institución de prestigio en el campo del arte contemporáneo, estableciendo conexiones entre instituciones y visibilizando la potencia artística de nuestro entorno.

Campo de semillas ofrece una pequeña selección del trabajo de cada docente artista, mostrando en cada caso tanto la diversidad como la riqueza formal y conceptual de las propuestas:

Xoan Anleo (Marín, Pontevedra, 1960) viene trabajando desde los inicios de su carrera con la palabra como un asunto que es parte consustancial del motivo artístico. En un primer vistazo sobre estas dos piezas expuestas en la Rac todo nos llevaría a pensar en una obra de diseño gráfico, como en otras obras de él pensamos en música, o en otras en diseño de moda, y en otras en el diseño industrial. Pero en todas Anleo habla de arte simplemente, que es tanto como decir territorio híbrido, contaminado, pervertido por la acción de muy diversos agentes externos que resignifican y reconstruyen a cada paso a obra artística.

De **Covadonga Barreiro** (Ares, A Coruña, 1983) hay una serie precedente suya que había titulado *Afterglow* donde, también en cajas de luz, la artista representa fotográficamente una lámpara, una ventana o una tarta con vela prendidas. La caja de luz prendida emite luz y, por su lado, las representaciones lumínicas se convierten en luz real. E incluso ocurre en esta serie de representaciones, ahora de nubes, atmósferas llenas de luz, de un resol que al proyectarse a través de la caja de luz alumbraba la sala de exposiciones y, por ende, nuestras almas.

Nati Bermejo (Logroño, 1961) trabaja desde un universo subjetivo y realista que cruza frecuentemente al espacio de la abstracción. Sus dibujos de gran formato nos enfrentan a la asunción de un más allá de la imagen, ampliando la experiencia emocional y enlazando, en ocasiones, la categoría estética de lo terrible y la belleza. La serie *Variaciones. Nieve N -120* (2020) refleja esta idea, acompañando lo onírico con lo objetivo en una misteriosa sensación de apacibilidad que nos sumerge en la contemplación de la nieve que cae por la noche en un viaje en autobús.

Con la mirada puesta en lo pictórico, las piezas de **Marcos Covelo** (Vigo, Pontevedra, 1985) se exponen a una metamorfosis continua para reivindicar el interés por las tres dimensiones, abrazando así los presupuestos de la escultura y la instalación. Hay, en el caso de la serie de manchas cerámicas (2019), un acercamiento a la idea de accidente: a esa pintura derramada que simula fuera de control donde parecen sincronizarse el gesto y su contención.

La obra de **Basilisa Fiestras** (Forcarei, Pontevedra, 1985) incorpora planteamientos y referencias poéticas con apreciaciones radicales, lúcidas, donde la dimensión humana se suma a un imaginario íntimo que encuentra su espacio en la exploración de lo carnal y lo social. En la instalación *Sin título* (2017) el cuerpo se construye a base del fragmento: aparece una boca, una mordida repetida que reivindica su potencia y habla de esa oquedad contenedora de placer y de rabia, de fluidos y voces.

Elena Lapeña (Madrid, 1964) nos resitúa ante los bodegones de flores que recorren toda la historia del arte. Flores entendidas desde siempre como explosión de luz y color, en definitiva como pura pintura. Pero aquí el tradicional bouquet deviene simplemente una flor en cada cuadro. Una flor connotada en la iconografía artística como símbolo sexual, mas también de pureza, de fe, o por el contrario de mundanidad... La artista, cual botánica, se deja mecer por todas estas resonancias simbólicas de unos tallos, pétalos, hojas, estambres o peristilos para embriagar de olores la mente del espectador.

Mariña Núñez (Palencia, 1966) es una creadora de mundos, de lugares simbólicos en los que caben todo tipo de alteridades. Su trabajo, originado desde lo pictórico, transcurre entre diferentes formatos que referencian la disolución de los cánones desde una puesta en escena eminentemente barroca.

En la serie *Grietas* (2013-2014) miles de ojos, surgidos del interior de una pared con forma ovoide, se mueven con gesto orgánico invitándonos a acceder a otros universos.

Juan Carlos Meana (Vitoria-Gasteiz, 1964) emplea en su obra imágenes y objetos que funcionan como símbolos y revelan diversas preocupaciones socioculturales. ...Y comimos todos del mismo plato (2019) nos invita a imaginar lo que no vemos a través de la elipse, de la historia de lo no-narrado. Todo son pistas de un rompecabezas imposible: las tazas volcadas hacia dentro, los panes artificiales... la construcción formal de la pieza inhabilita el título, imposibilita el acto de comer disponiéndose en el espacio como una naturaleza muerta liberada de la bidimensionalidad del lienzo.

Juan Carlos Román (Bilbao, 1961) trae a la sala dos bodegones que perfectamente podrían conectar con la rica tradición de la pintura española del Siglo de Oro. En series como esta el artista convierte la grand historia del arte española en un asunto que también nos alcanza y compete a los contemporáneos. He ahí la tradición convertida en revolucionaria e iconoclasta. He ahí la untosidad de la pincelada al óleo con sus relieves y colores terrosos para hablarnos de lo esencial de esos alimentos y, por ende, de lo que tienen también de placeres terrenales (también los sexuales, por supuesto) como bien explicitan, de manera literal, los títulos de los cuadros.

Javier Tudela (Vitoria-Gasteiz, 1960) viene siendo desde hace muchos años un constructor y un ensamblador de instrumentos, bibelots y objetos varios. Esos que conviven con todos nosotros decote y que él acaricia con las manos y con la mirada para darles nuevas vidas y nuevas narrativas. Las cosas vulgares, inanes e incluso las inertes cobran vida tras el paso por el tamiz de su pensamiento que se extiende, como sus dedos, por cada rincón de aquellos objetos que antes eran basura y ahora devienen arte. Ecología en su máxima expresión!

Biografías comisarios

Xosé M. Buxán Bran (Eibar, Guipúzcoa, 1964) es titular de universidad y docente en la facultad de Bellas Artes de Pontevedra desde 1993. Desde que trabaja en esa facultad desarrolló una amplísima proyección de los trabajos surgidos por los estudiantes y egresados de la facultad Bellas Artes de Pontevedra en gran número de centros expositivos de la geografía peninsular, proyectos que estuvieron siempre acompañados de producciones editoriales específicas.

Sara Donoso (Guadalajara, 1989) es exalumna de la Facultad de Bellas Artes de Pontevedra y doctora en Historia del arte por la USC. Desarrolla actividades de comisariado, educación y gestión artística y colabora con organismos como la Fundación Rac y la facultad de Bellas Artes de Pontevedra, el CGAC. Centro Gallego de Arte Contemporáneo de Santiago de Compostela o la Fundación Pública Artesanía de Galicia. Como crítica, colabora en el Diario Cultural Z (Radio Gallega), escribe para medios de cultura y cine y ha realizado entrevistas con diferentes artistas. Fue reconocida con el Premio Talento Mozo en la modalidad de Cultura y Creación (Xunta de Galicia, 2020).